

UNHA CASA Á MEDIDA

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de MARC TAEGER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartonné. 23 x 30 cm. 32 páx. 16 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

Unha casa á medida (galego)

ISBN 978-84-8464-468-2. Álbum ilustrado. Demademora.

Una casa a medida (castelán)

ISBN 978-84-8464-469-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Krokodilo txikia, Jirafa altua eta neurri kontuak (euskara)

ISBN 978-84-9172-113-0. Álbum irudidunak. Egile lanak.

O pequeno Crocodilo e o amor de uma vida (português)

ISBN 978-989-8205-93-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Esta é Xirafa. Xirafa é moi alta.

Este é Crocodilo. Crocodilo é moi baixo.

Entre eles hai moita diferenza: máis de dous metros.

Pero, a pesar disto, son parella:

unha parella de namorados...

Os protagonistas deste relato son unha atípica parella de namorados que vencen -a base de enxeño e dun chisco de humor- as dificultades que xorden para conviviren xuntos. Porque as trabas que poden supoñer uns cantos centímetros de diferenza de estatura entre ambos os dous son amplamente superables coa forza do cariño. Unha das primeiras probas que teñen que superar é atopar unha casa común, cómoda para as súas respectivas necesidades. A solución, deseñala a medida...

Tras «[Crocodilo namorado](#)» e «[Unha parella diferente](#)», o terceiro título desta serie protagonizada por Crocodilo e Xirafa abunda nas súas divertidas peripecias, que se completan cos libros titulados «[Unha familia normal](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)».

A obra de Daniela Kulot ten unha grande aceptación entre o público infantil por aspectos tan importantes como a elección dos personaxes, case sempre identificados con animais humanizados; a riqueza cromática das ilustracións e os temas que expón nos seus libros: historias baixo as que subxacen mensaxes de moita utilidade para a aprendizaxe e a formación das lectoras e dos lectores. Así, esta fábula moderna fala tamén de tolerancia, respecto aos demais e aceptación das diferenzas.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** o amor e a parella.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** aceptación das diferenzas, tolerancia e convivencia; respecto aos demais, superación das dificultades; sentimentos; outros títulos da serie: «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha parella diferente](#)», «[Unha familia normal](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)»; da autora de «[Bromas na escuridade](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-casa-a-medida-g>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

Estudou Educación Artística, Lingua e Literatura Alemás na Universidade de Augsburg -onde tamén foi profesora de debuxo-, ademais de realizar cursos de deseño gráfico e ilustración, completando a súa formación na Escola de Belas Artes de Múnic. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Visitando feiras internacionais de literatura infantil, a editorial Thienemann deulle a primeira oportunidade de publicar. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava e en cidades de Alemaña, Estonia, Rusia e Xapón, entre outros países. Os seus libros traducíronse a máis de 30 idiomas.

<http://daniela-kulot.de>

